

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Escusan asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día quince de outubro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o cinco de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.595/10 de don Jesús Cutrín Núñez**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda consistente no cambio do tellado, colocando uralita e tella nunha superficie aproximada de 70 m<sup>2</sup>, situada en Pousada de Abaixo, nº 27, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do

Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e tres euros con trinta céntimos (#53,30#)

#### 2.2.- Escrito num. 1.479/10 de don Manuel Gómez Sada

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que con data 21/10/2008 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a rehabilitación da súa vivenda (expediente 116/08) e dado que non se executaron as obras por mor do reatado na concesión dunha subvención por parte da Xunta de Galicia, solicita a anulación da mesma e a compensación do imposto ingresado co resultante da liquidación da nova licenza que se solicita

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

#### 2.3.- Instancia num. 1.480/10 de don Manuel Gómez Sada

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 120 m<sup>2</sup> en planta, consistente no cambio do tellado e acondicionamento de chemineas, situada en Reboredo, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección de espazos naturais (R-6)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

2º.- Compensar o importe correspondente á liquidación provisional do imposto co importe correspondente á licenza 116/2008.

#### 2.4.- Instancia num. 1.083/10 de dona Olga Iglesias Peiteado

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para proceder á segregación e agrupación das parcelas nums. 1.454 e 1.455 de concentración parcelaria da zona de Ribadulla, situadas en Sete en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2) de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza para a segregación e agrupación das citadas fincas, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros



### **3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de actividade para ferretería e droguería en Santa Cruz de Ribadulla**

Téndose solicitado por don Manuel Martínez Carrillo, con enderezo no número 12 do lugar de Galegos (Santa Cruz de Ribadulla), licenza para FERRETERÍA E DROGUERÍA, a emprazar no lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, nos termos do proxecto presentado firmado por Álvaro Vidal García en calidade de arquitecto e con data de visado 16/07/10.

Tendo en conta que se tramitou o oportuno expediente, co resultado que consta no mesmo, e que de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, non se trata dunha actividade suxeita a avaliación de incidencia ambiental. Vista a lexislación de aplicación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a don Manuel Martínez Carrillo licenza de actividade para *ferretería e droguería*, nos termos do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e do proxecto presentado para os efectos.

Así mesmo acorda compensar coas ingresadas no seu día, segundo o acordado por Resolución da Alcaldía, as taxas obxecto do expediente.

Deberá comunicarlle por escrito ó concello a data de inicio da actividade

### **4º.- Acordo, se procede, sobre transmisión de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a taberna en Vedra**

Vista a solicitude núm. 1617/10 presentada por M<sup>a</sup> Carmen Cutrín Ares para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *taberna* (denominado comercialmente "O Candil"), sito no número 19 da Avda. M. M. Gómez da parroquia de Santa Baia de Vedra, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 27/12/1973 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente.

### **5º.- Certificacións de obras**



5.1.- Certificación num. 4 e última da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal*

Dáse conta da certificación num. 4 e última da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*, e máis da factura num. OCV.012 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de dezasete mil cento tres euros con corenta e catro céntimos (#17.103,44#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.-Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta se desenvolveu de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria.

5.2.- Certificación num. 1 da obra de *Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*, e máis da factura num. 19 da empresa adxudicataria Manuel Sobredo, S.L, por importe de centodezaoto mil douscentos corenta e dous euros con corenta e dous céntimos (#118.242,42#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

**6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de outubro do ano que andamos, pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos á praza de administrativo encargado de biblioteca e arquivos , incluída na oferta de emprego público don ano 2009

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, relativa a tramitación do expediente de limpeza de fincas nums. 537 e 538 do plano do acordo de concentración parcelaria de Vedra, sitas en Pousada de Abaixo -Vedra, propiedade de don Manuel Cabo Silva e dona María de la Fuente Pedreira

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición de legalidade respecto das actuacións en curso de execución consistentes na colocación de postes de ferro con maia de arame sobre dun alboio situado en Picón, promovidas por don



Ramón García Raposo, sen a preceptiva licenza municipal, ordénase a demolición das mesmas no prazo dun mes ó tratarse de obras non legalizables

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se ordena a don Manuel Cabo Silva a execución das actuacións precisas para deixar o vial municipal , que se atopa invadido de ramas de árbores que proceden da parcela num. 525 de concentración parcelaria de Vila nova -Merín, expédito no prazo de 15 días

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que se dá conta dos trienios dos seguintes empregados, con efectos do 01/10/2010: M<sup>a</sup>. Carmen Mougán Sobredo (2º); Delia Carreira González (2º ); Consuelo castro Amboage (3º); Mercedes Pereiras Caldelas (6º) e María Candedo de la Torre (8º)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## 7º.- Outros asuntos

7.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1.656/10 no que don Manuel Canicoba Fortes, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 77% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das catorce horas e quince minutos

